

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa da obra de "ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE MUNICIPAL SIGÜEIRO, ALUMEADO PÚBLICO NA PISTA DE POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE OROSO EN DEIXEBRE E ALUMEADO PÚBLICO NA PRAZA DE ALEXANDRE BÓVEDA DIVIDIDO EN TRES LOTES" incluída no FEESL 2010 (expediente de contratación nº 2010/005).

LOGO DE CONSIDERAR que con data de 5 de xullo de 2010 foi adxudicado provisionalmente o contrato á Maria Jesús Bouzas Fernández

LOGO DE VER que a empresa presentou a documentación requirida no artigo 17.2 do prego-tipo de cláusulas administrativas que rixe o contrato.

De conformidade co establecido no artigo 135 da Lei de Contratos do Sector Publico e en uso das facultades que me confire o artigo 185.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, con esta data **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar definitivamente o contrato a don M<sup>a</sup> Jesús Bouzas Fernández por ser a única proposición admitida á licitación que responde aos criterios de adxudicación e ser economicamente máis vantaxosa para o Concello polo seguinte prezo:

	BASE	IVE	TOTAL
LOTE 1	6.625,92 euros	1.060,14 euros	7.686,06 euros
LOTE 2	15.536,64 euros	2.485,86 euros	18.022,50 euros
LOTE 3	65.573,76 euros	10.491,80 euros	76.065,56 euros

**SEGUNDO.-** Comprometer o gasto por importe de 7.686,06, 18.022 e 76.065,56 euros con cargo á partidas 165.7T.609.00, 165.7U.609.00, 165.7W.609.00, respectivamente, do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante do órgano de contratación e notificar o presente acordo ao adxudicatario para proceder á formalización do contrato no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, así como aos demais licitadores coa indicación dos recursos que procedan.

Oroso, 21 de xullo de 2010

Alcalde

Maria Jesús Bouzas Fernández

Ante min, secretario

Dalmiro Núñez Méndez